

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 27 DE AGOSTO DE 2019

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas do día vinte e sete de agosto de dous mil dezanove, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo do ano que andamos: Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona María Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona María Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; e dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na área de Cultura, Deportes e Xuventude; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria accidental dona M^a del Juncal Capín Fonseca.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º. Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 20 de agosto de 2019

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 20 de agosto de 2019 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis membros que asistiron á citada sesión e están hoxe presentes (don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro e dona María Dolores Pan Lesta) aprobou o citado borrador.

2º. Boletíns e correspondencia

- Escrito de don Juan María Abalo Castex, concelleiro do grupo municipal Popular, rexistrado de entrada o día 20 de agosto de 2019, co número 999/1270, no que comunica a súa ausencia do termo municipal dende os días 16 de agosto ao 10 de setembro de 2019, ambos os dous incluídos.

- Orde do 6 de agosto de 2019, da Consellería de Política Social, pola que se establecen as bases que rexerán a concesión de subvencións a corporacións locais para programas de emerxencia social e a inclusión social da poboación xitana, inmigrante e outras persoas en risco de exclusión, e se procede á súa convocatoria para os anos 2019 a 2011 (cofinanciada polo Fondo Social

Europeo no marco do programa operativo FSE Galicia 2014-2020) (código de procedemento BS623C). (Diario Oficial de Galicia número 157, do 21 de agosto de 2019).

3º Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por enterados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 14 ao 22 de agosto do ano que andamos, que comeza coa resolución da Alcaldía número 1669/2019 e remata coa resolución do concelleiro delegada da área de Cultura, Deportes e Xuventude número 1706/2019, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
1669/2019	14-08-2019	Convocatoria sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 20 de agosto de 2019
1670/2019	14-08-2019	Servizo de asistencia técnica para organización da XXX Carreira popular concello de Cambre 2019
1671/2019	14-08-2019	Aluguer de diverso material de sinalización viaria para o desenvolvemento da XXX carreira popular
1672/2019	14-08-2019	Aprobación de certificacións de obra correspondentes á obra "Pavimentación de beirarrúas na rúa Río Sil da mazá M3 da Barcala (Fase 2)", e aprobación de facturas e recoñecemento e liquidación de obrigas correspondentes por importe total de 32.898,98 euros, así como o seu pagamento
1673/2019	14-08-2019	Aprobación da liquidación do IRPF de persoal do mes de xullo e o seu pagamento.
1674/2019	14-08-2019	Reposición legalidade urbanística por realización de actividade de hostelería sen licenza no pazo de Brexo, Brexo, Cambre por CJ, S.L.
1675/2019	14-08-2019	Amortización parcial do préstamo núm. 0182 6244 0083 00000000000002 concertado con o BBVA, S.A
1676/2019	14-08-2019	Aprobación da acreditación do destino dos fondos recibidos con cargo ao convenio de promoción do fútbol durante o ano 2017
1677/2019	14-08-2019	Aprobación da xustificación da primería achega do convenio de promoción do fútbol 2018
1678/2019	14-08-2019	Concesión de autorizacións para o exercicio da venda ambulante durante a celebración das Festas de Santa María de Cambre os días 14, 15, 16 e 17 de agosto
1679/2019	14-08-2019	CM : Festival de Bandas: Presentación Estíbaliz Espinosa
1680/2019	14-08-2019	CM : Axenda de verán: Transporte de instrumentos
1681/2019	14-08-2019	CM : Axenda de Verán: Valos concertos de agosto
1682/2019	14-08-2019	CM : Axenda de verán: limpeza Samosteiro / Concello
1683/2019	14-08-2019	CM : Axenda de verán: Subministración eléctrica
1684/2019	19-08-2019	Avocación de competencias do quinto tenente de alcalde don

		Daniel Mallo Castro, os días 19 e 20 agosto de 2019, ambos os dous incluídos
1685/2019	19-08-2019	Contrato menor para a contratación da actuación en tarima existente no centro social xuvenil na Casa Arrigada en Cambre
1686/2019	19-08-2019	Renuncia lentes correctoras de MCCJ
1687/2019	20-08-2019	Licenza para segregación e regularización de viario
1688/2019	20-08-2019	Licenza de cesión da finca sita en Formigueiro-Brexo de 1.290 m ²
1689/2019	20-08-2019	Expedientes sancionadores de tráfico
1690/2019	20-08-2019	Nomeamento persoal interino por substitución transitoria da titular M ^a JFA
1691/2019	21-08-2019	Denuncia a CAF por construción de almacén en Arrigada
1692/2019	21-08-2019	Expediente sancionador a CAF por construción de almacén en Arrigada sen licenza
1693/2019	21-08-2019	Avocación de competencias da sexta tenente de alcalde dona Maria Dolores Pan Lesta o día 1 de setembro de 2019 e do 6 ao 15 de setembro de 2019, ambos os dous incluídos
1694/2019	21-08-2019	Solicitude acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela sita en Outeiro, Brexo (a la altura del número 11). Propiedade: JAGM
1695/2019	21-08-2019	Aprobación de facturas e recoñecemento e liquidación de obrigas por importe total de 22.793,69 euros
1696/2019	22-08-2019	Conceder as autorizacións para o exercicio da venda ambulante durante a celebración das festas de Pravio os días 23 e 24 de agosto.
1697/2019	22-08-2019	Licenza para segregación da finca sita en Roncesvalles de 895 m ² unha finca de 47,90 m ² co fin de cedela ao concello
1698/2019	22-08-2019	Aprobación 1 ^a achega actividades extraescolares ANPA do CEIP Gonzalo Torrente Ballester curso 18-19
1699/2019	22-08-2019	Aprobación 1 ^a achega convenio actividades extraescolares ANPA Brexo-Lema curso 18-19
1700/2019	22-08-2019	Aprobación 1 ^a achega convenio actividades extraescolares ANPA A Curuxa do CEIP Portofaro curso 18-19
1701/2019	22-08-2019	Aprobación 1 ^a achega convenio actividades extraescolares ANPA Fendetesta curso 18-19- Expediente complementario
1702/2019	22-08-2019	Expedientes sancionadores de tráfico
1703/2019	22-08-2019	Aprobación 1 ^a achega convenio actividades extraescolares ANPA Mencer curso 18-19
1704/2019	22-08-2019	Contratación memoria técnica concertos CANTOS DO DEMO
1705/2019	22-08-2019	Pagamento nómina mes de agosto de 2019 por un importe bruto de 370.803,99 euros
1706/2019	22-08-2019	Outorgamento de premios e gratificacións aos participantes no Entroido en Cambre 2019

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia da proposta en relación co seguinte asunto:

- Único. Proposta de adxudicación da “Subministración do mobiliario para as novas dependencias de Servizos Sociais e do Centro Social Xuvenil-Casa Arrigada, no Concello de Cambre. Lote 1”, a prol do licitador “Suministros Técnicos de Galicia, S.L.” (SUTEGA), no prezo ofertado de 32.343,82 euros sen IVE (39.136,02 euros IVE incluído). Expte: 2019/C005/000003

sendo aprobada a urxencia da totalidade da proposta por unanimidade dos oito concelleiros que compoñen a Xunta de Goberno Local.

Único. Proposta de adxudicación da “Subministración do mobiliario para as novas dependencias de Servizos Sociais e do Centro Social Xuvenil-Casa Arrigada, no Concello de Cambre. Lote 1”, a prol do licitador “Suministros Técnicos de Galicia, S.L.” (SUTEGA), no prezo ofertado de 32.343,82 euros sen IVE (39.136,02 euros IVE incluído). Expte: 2019/C005/000003

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 23 de agosto de 2019 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto o expediente de contratación incoado co nº 2019/C005/000003 para a adxudicación, por procedemento aberto simplificado mediante aplicación de fórmulas, da “Subministración do mobiliario para as novas dependencias de Servizos Sociais e do Centro Social Xuvenil-Casa Arrigada, no Concello de Cambre”, dividido en dous lotes, e cun valor estimado total de 83.424,48 e un orzamento base de licitación total de 91.766,93 euros IVE incluído.

Vista a valoración dos criterios contemplados na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares que constan na Acta da Mesa de Contratación, designada para o presente expediente, de data 2 de agosto de 2019 respecto das ofertas presentadas no presente procedemento para o **lote 1** “Mobiliario necesario para habilitar os baixos onde se instalarán as novas dependencias do departamento de Servizos sociais municipal (rúa Río Barcés nº 4, urbanización A Barcala, 15660 Cambre)”, así como a proposta de adxudicación formulada pola Mesa de Contratación coa mesma data para o **lote 1**, a prol do licitador “Suministros Técnicos de Galicia, S.L.” (SUTEGA) no prezo ofertado de 32.343,82 euros sen IVE (39.136,02 euros IVE incluído), por ser a entidade que obtén unha maior puntuación en aplicación dos criterios de adxudicación que constan na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares, sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

Visto que, outorgado ao licitador proposto como adxudicatario o prazo de sete días hábiles, para que presentase a documentación contemplada na cláusula 17 do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares, isto de conformidade co establecido no artigo 159.4 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consejo 2014/23 UE e 2014/24/UE do 26 de

febreiro de 2014, este achegou en prazo toda a documentación requirida, acreditando a súa solvencia económica e técnica, así como a suficiencia de medios para a execución do contrato, segundo informe da coordinadora de Servizos sociais de data 14 de agosto de 2019.

Visto o informe emitido pola secretaria accidental da Corporación, de data 23 de agosto de 2019, que contén a proposta de acordos a adoptar, e mailo informe de fiscalización número 215/2019 Fase D/AD emitido polo interventor municipal con data do 23 de agosto de 2019.

Á vista do establecido na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen no presente expediente, e de conformidade co disposto nos artigos 150 e 159 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: De conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación con data 2 de agosto de 2019 respecto do **lote 1**, declarar válida a licitación, admitindo nela as ofertas presentadas polas seguintes empresas, por ter presentado os sobres ou arquivos electrónicos coas condicións e requisitos establecidos na cláusula 14 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do presente expediente:

- Asmobel, S.L.
- Grumar Trading, S.L.
- KL-1 Mobiliario de Oficina, S.L.
- Paz Dismac, S.L.
- Suministros Técnicos de Galicia, S.L. (SUTEGA)

Segundo: Excluir á oferta presentada para o **lote 1** pola entidade “Cimbra Contracts, S.L.”, ao non atoparse este licitador, na data final de presentación de ofertas (30 de xullo de 2019) inscrito en ningún dos Rexistros contemplados no art. 159.4 da LCSP, sendo obligatoria a inscrición a efectos de participar en procedementos abertos simplificados a partir do 9 de setembro de 2018 e atoparse dita obriga expresamente contemplada na cláusula 13.2 do Prego de cláusulas administrativas particulares regulador do presente contrato.

Terceiro: Aprobar, segundo acordo da Mesa de Contratación do 2 de agosto de 2019, a seguinte valoración das proposicións presentadas para o **lote 1**, coa puntuación correspondente ás ofertas económicas e demais criterios evaluables mediante fórmulas, así como o límite das ofertas incursas en presunción de resultar anormalmente baixas, que unha vez efectuado o cálculo queda establecido en **31.697,93** euros, polo que resulta que ningunha das ofertas presentadas se atopa incursa en tal circunstancia:

Oferta económica:

ASMOBEL S.A.		GRUMAR		KL-1	
TOTAL S/I	40611.24	TOTAL S/I	34079.05	TOTAL S/I	33441.25
TOTAL C/I	49139.60	TOTAL C/I	41235.65	TOTAL C/I	40463.91
BAIXA	5512.05	BAIXA	12044.24	BAIXA	12682.04
BAIXA%	11.95	BAIXA%	26.11	BAIXA%	27.50
PUNTOS	28.00	PUNTOS	61.18	PUNTOS	64.43

PAZ DISMAC		SUM TEC GALICIA	
TOTAL S/I	35989.00	TOTAL S/I	32343.82
TOTAL C/I	43546.69	TOTAL C/I	39136.02
BAIXA	10134.29	BAIXA	13779.47
BAIXA%	21.97	BAIXA%	29.88
PUNTOS	51.48	PUNTOS	70.00

Prazo de garantía:

ASMOBEL S.A.		GRUMAR		KL-1	
GARANTÍA	≥ 6	GARANTÍA	≥ 6	GARANTÍA	≥ 6
PUNTOS	10.00	PUNTOS	10.00	PUNTOS	10.00

PAZ DISMAC		SUM TEC GALICIA	
GARANTÍA	≥ 6	GARANTÍA	≥ 6
PUNTOS	10.00	PUNTOS	10.00

Prazo de entrega e instalación:

ASMOBEL S.A.		GRUMAR		KL-1	
ENTREGA	≤ 15	ENTREGA	≤ 15	ENTREGA	≤ 15
PUNTOS	10.00	PUNTOS	10.00	PUNTOS	10.00

PAZ DISMAC		SUM TEC GALICIA	
ENTREGA	≤ 15	ENTREGA	≤ 15
PUNTOS	10.00	PUNTOS	10.00

Servizo post-venta e asistencia técnica:

ASMOBEL S.A.		GRUMAR		KL-1	
POST-V	1	POST-V	≤ 1	POST-V	≤ 1
PUNTOS	3.00	PUNTOS	5.00	PUNTOS	5.00

PAZ DISMAC		SUM TEC GALICIA	
POST-V	≤ 1	POST-V	≤ 1
PUNTOS	5.00	PUNTOS	5.00

Servizo post-venta con fabricación:

ASMOBEL S.A.		GRUMAR		KL-1	
POST-F	≤ 7	POST-F	≤ 7	POST-F	≤ 7
PUNTOS	5.00	PUNTOS	5.00	PUNTOS	5.00

PAZ DISMAC		SUM TEC GALICIA	
POST-F	≤ 7	POST-F	≤ 7
PUNTOS	5.00	PUNTOS	5.00

Cuarto: Aprobar, de conformidade cos apartados anteriores do presente acordo, a seguinte orde decrecente de clasificación obtida polas empresas licitadoras do **lote 1**, en función das ofertas presentadas, e tendo en conta os criterios de adjudicación que constan na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares (oferta económica, prazo de garantía, prazo de entrega e instalación, servizo post-venta e asistencia técnica, servizo post-venta que requira fabricación):

EMPRESA	PUNTOS
Suministros Técnicos de Galicia, S.L. (SUTEGA)	100
KL-1 Mobiliario de Oficina, S.L.	94,43
Grumar Trading, S.L.	91,18
Paz Dismac, S.L.	81,48
Asmobel, S.L	56,00

Quinto: De conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación con data 2 de agosto de 2019, adjudicar a "Subministración do mobiliario para as novas dependencias de Servizos Sociais

e do Centro Social Xuvenil-Casa Arrigada, no Concello de Cambre. **Lote 1**", á empresa "Suministros Técnicos de Galicia, S.L." (SUTEGA) con NIF B15213911 e domicilio en Ronda de Nelle 133 - 15010 A Coruña (A Coruña), no prezo ofertado de 32.343,82 euros sen IVE 39.136,02 euros IVE incluído, por ser a entidade que obtén unha maior puntuación en aplicación dos criterios de adxudicación que constan na cláusula 12 e do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares, non estar incurso en presunción de ser anormalmente baixa, e ter presentado no prazo de 7 días hábiles a documentación requirida na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares e artigo 159.4 da Lei 9/2017 de contratos do sector público.

De conformidade co establecido no artigo 151.2.c) da Lei 9/2017, as ventaxas da proposición da entidade adxudicataria determinantes de que a súa oferta fose a que obtivo a maior puntuación atópanse na baixa económica ofertada, o prazo de garantía (6 anos), o prazo de entrega e instalación (15 días naturais), o servizo post-venta e asistencia técnica (0,5 días laborais) e o servizo post-venta que requira fabricación (7 días laborais).

Sexto: Proceder á formalización do contrato en documento administrativo non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel no que se reciba a notificación da adxudicación, de conformidade co sinalado na cláusula 18 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do expediente contractual, procedendo seguidamente á publicación da formalización do contrato, xunto co correspondente contrato, no Perfil de Contratante do Concello de Cambre-Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado, isto de conformidade co disposto no artigo 154 da Lei dos contratos do sector público.

Ademáis, para a formalización do contrato requírese que o adxudicatario teña presentados os documentos acreditativos de ter subscritos os seguros esixidos na cláusula 23 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Sétimo: De conformidade coa cláusula 19 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do presente expediente, désignase como responsable do lote 1, de conformidade co art. 62 da LCSP, á coordinadora de Servizos Sociais municipal, a quen corresponderá a labor de supervisar a execución do contrato, adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias, co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Oitavo: Notificar os presentes acordos aos licitadores presentados e publicar no prazo de quince días a adxudicación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, incluído na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado (<https://contrataciondelestado.es>), de conformidade co establecido no artigo 151.1 da Lei de Contratos do Sector Público e cláusula 16.4 do prego de cláusulas administrativas particulares reguladoras do expediente de contratación, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, regula das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercer, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Noveno: Notifíquese ao responsable do contrato e máis á Intervención municipal, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e quince minutos, do que eu, secretaria accidental, certifico.

O presidente

A secretaria accidental

Oscar A. García Patiño

M^a del Juncal Capín Fonseca